



CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf. 886 15 18 98

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN
CURSO: 1º PRIMARIA
MATERIA: Ed. Musical
DATA: 12-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A música e a plástica teñen un valor innegable en calquera cultura. Isto xustifica a presenza de ambas na etapa de primaria .

As competencias artísticas desenvólvense a través de múltiples procesos que permiten a apropiación de sensacións, técnicas, experiencias de reprodución, creación e reflexión acordes co nivel de desenvolvemento das alumnas e dos alumnos. As actividades artísticas son fundamentais para o desenvolvemento da capacidade de creación do alumnado e para o enriquecemento dos procesos de socialización.

A creatividade non pode estar ligada a unha área concreta. Na escola deben proporcionárselles ás nenas e aos nenos experiencias artísticas que contribúan á construción do seu sentido estético e a unha formación básica para que poidan seguir interesándose por continua-la no futuro.

Esta programación baséase no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O CEIP de Sestelo-Baión ten as Etapas de Infantil e Primaria .

Mestra que impartirá a Educación Artística : M^a da Esperanza Doval Lago.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL -CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 6	CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN. VILANOVA DE AROUSA CURSO:1º
-----------------------------------------------------------------------------------------	---------------	------------------------------------------------------------------

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co desenvolvemento das competencias clave do currículo:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O progreso en Música permitiralles ás nenas e aos nenos participar en actividades musicais, expresarse a través dunha linguaxe artística, escoitar, comprender, valorar e gozar coa música. Tanto a produción como a expresión realízanse a través de tres medios: a voz e o canto, os instrumentos musicais e o movemento e a danza. É tamén importante na área a familiarización co sistema de signos e grafías que a música utiliza, o cal deberá levarse a cabo desde a práctica auditiva, interpretativa e creadora. Trátase, polo tanto, de ir formando progresivamente o alumnado na escoita activa e na produción con expresividade e creatividade, así como no emprego cada vez máis preciso da linguaxe musical.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL -CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN. VILANOVA DE AROUSA CURSO:1º
-----------------------------------------------------------------------------------------	---------------	------------------------------------------------------------------

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
 Tlf. 886 15 18 98

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º primaria	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
	Bloque 1: A escoita
B1.1 Explorar, escoitar e identificar algunha das calidades dos sons.	1º-EMB1.1.2 - Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
	1º-EMB1.1.4 - Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	1º-EMB1.2.1-Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións
	1º-EMB1.2.2-Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado
B1.3. Escoitar obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	1º-EMB1.3.1 - Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.
	1º-EMB1.3.2 - Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
B1.4. Empregar vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	1º-EMB1.4.2 - Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
B1.5. Identificar algún dos elementos básicos da linguaxe musical.	1º-EMB1.5.1 - Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
	1º-EMB1.5.3 - Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
	Bloque 2: Interpretación musical
B2.1 Intentar repetir esquemas rítmicos escoitados.	1º-EMB2.1.1 - Repite esquemas rítmicos escoitados.
B2.2 Participar na interpretación de cancións sinxelas	1º-EMB2.2.1 - Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
	1º-EMB2.2.4 - Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
B2.3. Acompañar cancións con ritmos sinxelos.	1º-EMB2.3.1 - Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf. 886 15 18 98

	Bloque 3: A música o movemento e a danza
B3.1 Intentar adecuar o movemento corporal coa música para realizar pequenas coreografías.	1º-EMB3.1.1 - Realiza pequenas coreografías, adecuando o movemento corporal coa música.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Avaliarase ao alumnado a partir das avaliaci3ns anteriores e estes procedementos adecuaranse 3s adaptaci3ns metodol3xicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Os procedementos utilizados son a observaci3n sistem3tica e a an3lise das produci3ns dos alumnos/as.</p> <p>Instrumentos: -Produci3ns musicais, pl3sticas e motrices. -Diario de clase e caderno/ libro do alumno/a.</p>
Cualificaci3n final	<p>Procedemento para obter a cualificaci3n final de curso: -1ª Avaliaci3n: computar3 un 45% do total da cualificaci3n final do curso. -2ª Avaliaci3n: computar3 un 45% do total da cualificaci3n final do curso. -3ª Avaliaci3n: valorarase a realizaci3n das tarefas encomendadas durante o per3odo de atenci3n educativa non presencial cun 10% do total da cualificaci3n final do curso. Faise constar que durante esta avaliacion traballarase na recuperaci3n e reforzo dos est3ndares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas d3as primeiras avaliacion3s.</p>



CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tif: 886 15 18 98

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 6	CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN VILANOVA DE AROUSA CURSO:2019-2020 MATERIA:EDUCACIÓN MUSICAL
----------------------------------------------------------	---------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tif: 886 15 18 98

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Propóñense actividades semanais que traten a información visual e musical, posibilitando o desenvolvemento da creatividade, a imaxinación, a autonomía, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa, etc.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Ofrecer recursos educativos de calidade de Ed. Musical para axudar ao alumnado e ás familias nesta situación. Os estándares son adaptados á situación.
Materiais e recursos	Libros dixitais, documentos pdf, audios, vídeos, descargas mp4, xogos interactivos, enlaces, recursos na rede, páxina web do centro e do EDLG,...

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través da plataforma Agueiro e/ou por correo da plataforma educativa.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.